

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL
ENTRADA n.º JJ
SAIDA n.º
DATA: 31/03/2018.

D. MOISÉS SYLLA GARCIA, con D.N.I. n.º 33313048-D, Presidente do Club de Xadrez Recatelo, MANIFESTO:

Que notificado con data 26 de Marzo del 2018 resolución do Xuíz Único do expediente 01/18 de data 20 de Marzo de 2018 interpón **RECURSO DE ALZADA** perante o **Comité de Apelación** da Federación Galega de Xadrez, pola que establece que o resultado do taboleiro n.º 4 no encontro que disputaron os equipos Recatelo Campus Terra Diversión e Bazan B do día 3 de Marzo de 2018, correspondente a 5ª rolda da 1ª División Grupo A, como victoria do Xogador Vicente Lopez Fraga do equipo visitante pola indebida alineación do xogador Adolfo Díaz López ao xogar de maneira previa no equipo Recatelo Campues Terra Guerrero en aplicación do apartado 3.5 do artigo 62.

E non podendo estar de acordo co contido da resolución, dentro do prazo legal establecido, interpoño RECURSO DE ALZADA contra a mesma en base as seguintes ALEGACIÓNS:

PRIMEIRO.- REITERÁMONOS nas alegacións xa aportadas e recollidas na resolución dictada polo Xuíz Único. Estas alegaciones son ignoradas totalmente e **máis de 15 folios de argumentaciones son ventiladas en apenas tres liñas e para iso é suficiente con sacar a frase do contexto.**

Afirma o Xuíz Unico que el non valora a redacción dos artigos. Só os interpreta sen dedicar unha soa palabra a explicar por qué aplica o apartado 3.5 do artigo 62, que regula o trasvase de xogadores a outros de equipos de categoría igual ou inferior a do equipo no que está integrado o xogador, cando o apartado que se debe aplicar e o 3.8 do mesmo artigo, que regula o trasvase de xogadores a equipos de superior categoría. Adolfo Díaz López está integrado nun equipo de Terceira División do Club Recatelo, e subiu a xogar unha partida nun equipo de Primeira División, e por tanto está suxeito o apartado 3.8 (non o 3.5) apartado que ten limitacións e regras, amplamente recollidas no mesmo pero non a prohibición de trasvasar xogadores a equipos da mesma categoría.

As **prohibicións** ou **limitacións** deben **obligatoriamente** estar recollidas na **norma** que se aplica, e non cabe facer unha interpretación expansiva dunha limitación nun procedemento sancionador, porque o principio xeral do Dereito establece que toda conducta que non está expresamente prohibida e que está permitida. O feito de que a

frase final do apartado 3.5 sexa punto e seguido reforza a idea que a prohibición que a frase recolle, se refire só o trasvase de xogadores entre equipos de igual categoría ou superior.

Tamén o feito cando menos de que tres Clubes o ano pasado traspasaron ata a 5 xogadores de categorías inferiores a dous equipos da mesma categoría, e os enfrontamentos non foron impugnados polos equipos rivais. **Unha destas supostas alineacións indebidas foi feita polo clube agora reclamante, Bazán**, tal e como se xustificou nas alegacións presentadas.

Se a interpretación fose tan clara e razonable como entendeu o Xuíz Unico, por qué houbo tantas infraccións, por qué ninguén reclamou, por qué o Xuíz Unico non o argumenta eazona, e se remite a **reproducir a frase fóra do seu contexto**.

SEGUNDO.- Dice o Xuíz que non lle compete valorar a redacción dos artigos, **so interpretalos, pero olvida que o interpretalos é necesario facer unha valoración**.

Así, por exemplo, o apartado 3.4 do artigo 62 di “Non se permitirá o cambio de xogadores entre Clubs unha vez finalizado o período de afiliación que establecerá a FEGAXA a través de circular.” Punto e seguido e continua “Un xogador/a non poderá participar na liga galega con outro club, aínda que non xogase.” Se extraemos a última frase do contexto do artigo, ningún xogador podería participar con outro clube na liga galega aínda que non xogase, pero si o integramos dentro do artigo podería facelo sempre que fose antes de finalizar o período de afiliación, e por eso as frases dos artigos non podes extraerse e darlle un sentido autónomo fóra do propio artigo, pois pode cambiar totalmente o seu sentido, como tamén pasa en este caso.

Pero é que ademais o apartado 4.7 tamén di “Unha vez iniciada a liga, (e dicir finalizado xa o período de filiación) ningún xogador/a poderá xogar a liga en outro club ou equipo distintos da mesma categoría aínda que non disputara ningún encontro, si podería facelo en equipos de inferior categoría de outro club si tivese permisos de ambos e da federación.” Pero a federación non podería dar permiso en ningún caso porque o prohíbe o apartado 3.4, e ninguén, nin a federación pode estar por riba das normas.

TERCEIRO.- En todo caso, **a deficiente redacción dunha norma, non pode ter como consecuencia a sanción da perda dun punto**, como ocorre neste caso, sen

que polo menos de maneira previa a Federación emita una circular aclarando o seu sentido e aplicación, en especial cando hai tantos casos de suposta aplicación incorrecta do Regulamento.

CUARTO.- A **aplicación** estricta, rigurosa e literal dos artigos do Regulamento ao marxe do seu contexto, coa consecuente perda do punto, tal e como se esta aplicando neste caso, supón un **perigoso precedente**, toda vez que o Regulamento, como xa se indicou no apartado anterior está cheo de incongruencias e interpretacións dubidosas, que poden abrir a porta a reclamacións que poden ser formalmente lexítimas pero sustancialmente inxustas, que enturbien o ambiente dun deporte amateur, dando por ganador nos despachos aquel que perdeu no taboleiro, xa que unha vez se elixa a interpretación estricta da norma como criterio a seguir neste caso, así deberá ser para todos os demais clubs de Xadrez de Galicia.

Por todo elo:

SOLICITO AO COMITÉ DE APELACIÓN, admita este escrito, e dicte resolución pola que anule a resolución do 20 de Marzo de 2018 do Xuíz Único e devolva o punto do cuarto taboleiro do encontro ao Recatelo Campus Terra Diversión, quedando o resultado en 3,5-0,5.

Por ser de xustiza, que pido en Lugo a 30 de Marzo del 2018.